Di Coruña Accesible
Área deBenestar Social

Protocolo de atención a persoas con discapacidade na administración

INSTRUCIÓNS XERAIS



Deputación DA CORUÑA

Protocolo de atencion
a persoas con discapacidade na administración
Ponte en modo ON: atenciÓN é inclusiÓN

Servizos Sociais

Á Área de Benestar Social da Deputación da Coruña, desde a Sección de Servizos Sociais, e dentro das súas competencias de apoio aos concellos, presenta o **“Protocolo de atención a persoas con discapacidade na administración”** en materia de accesibilidade e que estará a disposición do persoal da administración local e da cidadanía na web da Deputación Provincial.

Este protocolo de atención está dividido en 6 documentos, estruturados da seguinte forma:

1. Instrucións xerais
2. Trato telemático
3. Trato presencial
4. Xestión e soporte interno
5. Actividades e fomento
6. Comunicación e divulgación

No marco do Programa de fomento da Accesibilidade "Di Coruña accesible" os ditos documentos pretenden ser unha ferramenta útil e áxil para o persoal dos concellos e da Deputación, de maneira que poida aplicar os ditos principios no seu traballo diario e desta forma mellorar a atención á cidadanía, xa sexa de forma presencial ou telemática, garantido uns servizos de calidade para todas as persoas.

“Sexan cales sexan as circunstancias ou condición das persoas, todas forman parte da cidadanía. Por iso merecen recibir un trato igualitario e adecuado”.

A Deputada da Área de Benestar Social
Ana Lamas Villar
Outubro 2022

Índice

01. Introdución 4

Regras básicas 8

Outras regras 9

02. A cadea de accesibilidade na contorna 10

Medidas de Accesibilidade Universal para persoas con discapacidade en espazos destinados á atención pública 12

A lexislación vixente 14

Principios básicos 16

Seguridade e emerxencia 29

Espazos con espectadoras/es accesibles 31

Vestiarios accesibles 32

03. A cadea de accesibilidade dixital: pinceladas 34

Requisitos básicos para un sitio web accesible 37

04. A cadea de accesibilidade nos protocolos e xestión de medios 44

05. Anexo: Accesibilidade e xestión dixital na Deputación 48

Criterios de conformidade WCAG 2.0 50

Outras solucións para a accesibilidade web 65

1. Introdución

Este protocolo está dirixido a aquelas áreas que se encargan de xestionar os recursos para que o medio físico e dixital sexan máis accesibles así como o funcionamento e protocolos a seguir entre o persoal. Un bo protocolo non só depende da implantación de medidas, senón tamén do seu soporte e mantemento.

É necesario lembrar o `Protocolo de trato: instrucións xerais´, xa sexa nas áreas vencelladas ao trato presencial como noutras áreas cos seus correspondentes servizos, é preciso que se distinga entre necesidades físicas, sensoriais visuais, sensoriais auditivas, psicocognitivas ou orgánicas.

Haberá persoas que teñan maiores necesidades nalgunha ou nalgunhas das citadas ou ben que teñan un déficit ou exceso nalgunha das nosas capacidades físicas, psicocognitivas, sensoriais ou orgánicas.

Ilustración 1: Pictogramas discapacidade visual, física, auditiva, psicocognitiva ou orgánica.

Todas as persoas forman parte da cidadanía, sexan cales sexan as circunstancias ou condición das mesmas. Por iso, merecemos recibir un trato igualitario e adecuado na Administración.

Hai que xerar contornas, procesos, bens, produtos, servizos, obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos que sexan accesibles a todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible. Condicións de igualdade.

Para este trato, en ocasións necesitamos o uso de produtos de apoio. Non son elementos substitutivos ao trato, ao servizo que se presta ou á contorna, senón que son complementarios para acadar unha Administración máis accesible.

Enténdese por produto de apoio calquera produto (incluíndo dispositivos, equipo, instrumentos e software) utilizado por persoas con algún tipo de discapacidade que se destine a:

- Facilitar a súa participación.

- Protexer, apoiar, adestrar, medir ou substituír funcións ou estruturas corporais e actividades.

- Ou previr deficiencias, limitacións na actividade ou restricións na participación.

1.1.
Regras básicas

Naturalidade, respecto e flexibilidade

- Naturalidade: antes de axudar, preguntar como quere ser atendida.

- Respecto: uso correcto da linguaxe.

- Flexibilidade: ser ti quen se adapte á persoa á que lle vas a dar un servizo.

1.2.
Outras regras

Sempre hai que evitar...

- Paternalismo e proteccionismo excesivo.
- Pena. A ningunha persoa lle gusta que se sinta pena por ela .
- Medo ou rexeitamento. Non saber como tratar a alguén quen pensas que é “diferente” a ti provoca situacións de rexeitamento que deben evitarse.
- Impaciencia. Algunhas persoas non entenden as instrucións ou a comunicación con elas pode resultar difícil ou lenta. Por iso é importante actuar con calma e paciencia. Non o fai a propósito.
- Non fagas fincapé nas diferenzas: “elas *versus* nós”

A regra principal é que non deber ter medo a preguntar. Cando non saibas como tratar a unha persoa, sexa quen sexa, o mellor é preguntar.

2. A cadea de accesibilidade na contorna

É a capacidade de achegarse, entrar, utilizar e saír de calquera espazo ou recinto con independencia, facilidade e sen interrupcións. Para a autonomía da persoa é necesaria a continuidade do movemento dende o punto de orixe ata o destino. A accesibilidade debe ser analizada como unha cadea de accións.

2.1.
Medidas de accesibilidade universal para persoas con discapacidade en espazos destinados á atención pública

Estas recomendacións pretenden proporcionar solucións aos espazos físicos que melloran a atención pública nas organizacións provinciais:

- Facer todos os aloxamentos accesibles, dende a entrada ao local ata o espazo de atención.
- Implantar ramplas de acceso na entrada do edificio ou oficinas onde se presta atención público *(ver prioridade de elementos en documento de "Atención presencial").*
- Os mostradores de atención ao público deberían ser accesibles, ser máis baixo para unha persoa nunha cadeira de rodas ou talla baixa, permanecendo nun nivel que facilitar a súa consulta. Contará con outra parte máis elevada para persoas de talla alta ou persoas que desexen apoiarse.
- Portas máis anchas, como mínimo de 80 cm, de tal xeito que permita a entrada de calquera persoa.
- Aseos accesibles con portas amplas nos accesos, barras de apoio, sistema de chamada en caso de caída, etc.
- Considerar o uso do ascensor cando os espazos a atención pública estean noutros andares.

- Tamén débese considerar o uso da sinalización indicando o acceso dos ascensores: sinalización accesible mediante canle visual, táctil e sonora dentro e fóra do ascensor.

- Comproba que non haxa escaleiras ao longo do percorrido, chanzos ou desniveis que lle dificulten o desprazamento á persoa con mobilidade reducida ou que poidan supor risco de caída para persoas con baixa visión ou que vaian despistadas.

- Considera que os espazos de atención e servizo estean situados no primeiro nivel do edificio, sobre todo nos casos nos que non hai ascensor nin medidas de accesibilidade para chegar a outros andares.

Neste documento daranse pinceladas sobre a accesibilidade na edificación, especialmente nos espazos edificados de uso público. Se se quere ofrecer un servizo accesible á cidadanía, é importante contar con espazos que o permitan.

Os puntos a considerar neste módulo son: acceso, punto de atención, espazos de deambulación e a aqueles onde se prestan os servizos propios do edificio.

2.2.
A lexislación vixente

Débese ter en conta:

- Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da presidencia da Xunta de Galicia.

- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

- A lei galega de accesibilidade está pendente do desenvolvemento do seu novo decreto que defina as condición técnicas de accesibilidade a considerar.

Cóntase con dúas lexislacións, unha estatal e outra autonómica. Sempre se aplicará o criterio máis exixente e restritivo entre as dúas para cada elemento (inodoro, pendente da rampla, espazo de transferencia, ancho de paso libre...).

Máis aló da lexislación

Máis aló da lexislación e a normalización vixentes, están as persoas e a súa relación coa contorna. A lexislación ten que recoller as características para garantir o libre e pleno desenvolvemento na vida cotiá das persoas no mundo social e comunitario, sexan cales sexan as súas capacidades e circunstancias. Cumprir coa normativa non quere dicir que funcione.

Un espazo público pode ser un espazo que non se visita de maneira recorrente. Por iso é importante que as medidas de accesibilidade a considerar sempre se correspondan ao caso máis desfavorable. Por exemplo, os espazos descoñecidos, de uso non habitual, precisan de máis espazo para manobrar cunha cadeira de rodas ou debido ao manexo de muletas. Ademais, a estes espazos sóese acudir acompañado, polo que é doado atopar a dúas persoas camiñando á par. Este carácter, o de espazo descoñecido, é polo que se necesita uns espazos máis amplos que os habituais, como pode ser o dunha vivenda.

O mesmo sucedería coa sinalización, que debe expoñerse en todas as bifurcacións e cruces para mellorar a orientación.

2.3. Principios básicos

Existen dimensións básicas a considerar. Para que os espazos sexan accesibles, as persoas encargadas do deseño, mantemento e xestión terán que poñerse nas diversas situacións que se explicaron no Módulo 2. Polo xeral, o caso máis desfavorable no espazo arquitectónico edificable adoita ser o da persoa usuaria de cadeira de rodas e dependente.

Ancho de paso

O ancho habitual dunha cadeira de rodas é de 65 cm e a súa lonxitude de 120 cm. Tendo en conta estas dimensións, considérase que unha persoa que impulsa a súa propia cadeira de rodas, abrindo os cóbados para impulsarse, necesita un ancho de paso mínimo de 80 cm. Isto non quere dicir que non pase por unha porta estándar de 72 centímetros, a maioría das persoas pasarán, pero quizá necesite axuda e pódense mancar. Estes 80 cm son a premisa de todo estreitamento puntual.

Un estreitamento puntual é o punto dun recorrido no que se reduce o ancho de paso.

Por exemplo, se nun corredor se sitúa unha mesa con dípticos, estase a crear un estreitamento puntual. Nun espazo aberto con distintos puntos de atención ao público, non debe haber obstáculos que estrangulen os anchos de paso e desprazamento.

O cruce entre dúas persoas necesita dun espazo de 120 cm. Se se valora a posibilidade do cruce de dúas persoas usuarias de cadeira de rodas, ou de dous carros de bebés, precisaremos un mínimo de 180 cm. É necesario pensar nas persoas dependentes que, para a súa circulación, necesitan da axuda dunha terceira. En corredores, habitualmente por exixencia de normativa de evacuación, necesítanse estes 180 cm.

Espazo de xiro

Tendo en conta a lonxitude media do espazo que precisa a persoa usuaria de cadeira de rodas, o espazo de xiro mínimo será un círculo de 120 cm de diámetro.

- 120 cm - espazo practicable.
- 150 cm - espazo accesible.
- 180 cm - espazo inclusivo.

Xirar 180° cunha cadeira de rodas, o que supón dar media volta nun corredor, non é sinxelo, e para unha persoa que precisa da axuda doutra, tampouco.

O espazo de xiro contempla a dimensión necesaria para que unha cadeira de rodas, un carro de bebé, un andador, unha persoa con asistente... poda xirar de maneira cómoda e segura.

Altura de alcance

O caso máis desfavorable é o da persoa usuaria de cadeira de rodas. As persoas de talla baixa ou excesivamente alta tamén deben ser valoradas neste aspecto, malia que é complexo sinalar unha media de alcance estándar para elas.

Estímase que o alcance cómodo para a interacción cun elemento é entre 80 cm e 120 cm. Unha persoa usuaria de cadeira de rodas pode alcanzar ata os 140 cm no caso de que a súa mobilidade do tronco superior non sexa moi reducida, pero non de xeito apropiado como para facer xirar unha panca, premer unha chave da luz ou teclear un número. Seguindo o mesmo razoamento, a altura mínima que alcanza unha persoa en cadeira de rodas é de 40 cm, malia que a postura non sexa a máis recomendable.

Establécese como altura para dispoñer mecanismos e elementos de acción entre 80 cm e 120 cm. Para mecanismos de control, é dicir elementos de uso menos frecuentes como poden ser os enchufes, dende os 40 cm. Entran a formar parte do "varrido ergonómico".

Varrido ergonómico: área de alcance normalizado das mans, normalmente para a aprehensión ou tacto de elementos. (Altura e ancho segundo a normativa UNE 170002:2009).



Ilustración 2: Esquema da altura de colocación de mecanismos de acción e mecanismos de control.

Mecanismos

Un mecanismo é todo elemento co que se pode realizar unha interacción.

As alturas indicadas son para chaves da luz e da auga, dispositivos de información multimedia, xogos, dispensadores de quenda, etc.

Ademais da altura, todos estes elementos deben ser de doado manexo, entendido como que é manexable co puño ou co cóbado.



Ilustración 3: Esquema dun mecanismo de peche de porta de doado manexo e imaxe de exemplo.

Elementos principais

Para saber se un posto de traballo é accesible, deben analizarse os elementos que se mostran a continuación.

Acceso dende a rúa

O primeiro punto para alcanzar a accesibilidade universal nun edificio é comprobar se todas as persoas poden acceder ao seu interior, de maneira accesible e en igualdade ou equidade de condicións. Para iso, tamén é importante saber se, nas proximidades dun edificio da Administración, existe unha praza de aparcamento reservada para persoas con mobilidade reducida próxima á entrada.

No caso de existir a praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, deberá contemplarse se é posible ir dende ela ata o acceso ao edificio dunha maneira segura e co menor esforzo posible. Este percorrido terá as características dun itinerario peonil accesible.

Entre o exterior e o interior do edificio non haberá desnivel. No caso de existir, resolverase mediante rampla ou por un medio mecánico. Os medios mecánicos poden ser:

- elevadores verticais ou
- plataformas oblicuas.
- Deben descartarse as cadeiras salvaescaleiras xa que non permiten a autonomía da persoa.

Acceso

Na maioría dos edificios públicos as portas de entrada ou están abertas ou son automáticas. Noutro caso hai que valorar se pesan demasiado, se teñen un mecanismo de apertura de doado manexo e contrastado cromaticamente, por exemplo.

Se son transparentes, terán que estar sinalizadas mediante bandas de cor contrastada a dúas alturas xa dadas. Finalmente, a amplitude de acceso adoita ser suficiente, cun ancho de paso mínimo de 80 centímetros.



Ilustración 4: Esquema de dúas portas corredoiras onde cada unha deixa un paso mínimo de 80 centímetros.

O control de accesos dun edificio debe ser igualitario para todas as persoas. No caso de ser diferente ao máis frecuente, o acceso que é accesible estará sinalizado no acceso principal e conducirá ao mesmo espazo.

Ilustración 5: . Na dereita está un paso rotatorio que impide o acceso ás persoas usuarias de cadeira de rodas e dificúltalle o paso ás persoas con mobilidade reducida en xeral. O paso da esquerda permite un paso máis sinxelo. Neste caso, o paso accesible ten que abrirse polo persoal do edificio, xerando desigualdade.

Outro elemento que soe aparecer no acceso é o felpudo. Este non pode supoñer tropezos, pois resulta ser un perigo para persoas con escasa visión ou que arrastran o pé ao camiñar. A deformación do felpudo pode crear resaltes, facendo caer a persoas que arrastran os pés. Teremos que fixarnos que este se atope en bo estado e, cando o precise, informar do seu mantemento ou cambio.

Ilustración 6: Unha boa solución pode ser un felpudo de pezas metálicas combinadas con téxtil ou con outros materiais. É unha superficie sen resaltes que non se deforma coa mesma rapidez que outros. Crea un plano único co pavimento co rodea.

Puntos de atención

Ao entrar no edificio débese localizar con facilidade o punto de atención ao público.

Debe estar moi próximo ao acceso ou, en caso contrario, debe haber unha persoa que preste atención á cidadanía que acceda ás instalacións.



Ilustración 7: Fotografía dun plano de situación con relevo e Braille da entrada dun museo. A segunda imaxe é outra canle de posible comunicación, mediante códigos QR. O código leva a un contido con son, en Lingua de Signos, lectura doada ou coa explicación mediante pictogramas.

En caso contrario, necesitarase dun percorrido que conduza ata o punto de atención ou con información, especialmente importante para persoas usuarias de bastón branco. Neste caso, tamén será importante destacar cromaticamente respecto á contorna o punto de información.



Ilustración 8: Esquema das alturas máximas das dúas alturas dun mostrador.

A punto de atención ao público contará cun espazo que permita a aproximación dunha persoa en cadeira de rodas e tamén outra zona máis alta que facilite o apoio a persoas con outro tipo de mobilidade reducida ou talla alta. O ideal é que se producise por ambas partes, para promover a inclusión laboral.

Un punto de atención é un espazo que se encarga de facilitar información a toda a cidadanía: ventás, mostradores, etc.

Para que sexa accesible deberá estar comunicado mediante un itinerario accesible coa entrada principal do edificio e comunicacións horizontais e verticais, deberá contar cun plano de atención-traballo accesible, incluír dispositivos accesibles de intercomunicación e dispoñer de pavimento podotáctil que axude a dirixirse ás persoas con baixa visión en caso de que a traxectoria, respecto da entrada, sexa complexa ou non estea no punto de vista da persoa traballadora.

Comunicacións horizontais: Corredores

O desprazamento en cada andar do edificio será sen resaltes, cun ancho mínimo de 120 cm ou segundo o indicado pola normativa de evacuación.

Aconséllase que diante das portas exista un espazo sen obstáculos no que se poida inscribir un círculo de 150 cm.

Se temos corredores longos haberá espazo para xirar, como pouco, cada 10 metros.

En cada punto onde a persoa teña que escoller entre varias direccións, nas bifurcacións, colocarase un elemento de sinalización que non faga dubidar á persoa que acude por primeira vez ao edificio. Dependendo do uso do edificio, será apropiado dispoñer de pasamáns de apoio, como por exemplo. nos centros de día.



Ilustración 9: Esquema das dimensións mínimas dun corredor cunha porta. A indicación de menor o igual de 10 metros sinala a distancia de un punto calquera dun corredor ata un espazo de xiro.

Comunicacións verticais: ascensor, rampla e escaleira

- Ascensores

Os ascensores teñen que seguir a súa propia normativa actual pero debemos asegurarnos de que sexan doados de atopar. Se é un ascensor de uso público, no momento en que se accede ao edificio, débese poder localizar ou, polo menos, saber que existe coa correspondente indicación de dirección.

No caso de que no edificio non fose posible colocar un ascensor, substituirase por un elevador vertical para solucionar a diferencia de altura entre distintos puntos do edificio. En última instancia, poderase colocar unha plataforma inclinada. O elemento que se poida colocar finalmente, ten que garantir un mantemento continuado. Resulta ser bastante habitual ter colocada unha plataforma que, cando fai falta, non funciona.

- Ramplas

Cando existen ramplas, débese asegurar que conta con pasamáns e que non é posible caer polos desniveis laterais (importancia dun zócalo ou dunha protección lateral). En moitas ocasións, danse ramplas con demasiada pendente sen ter en conta que o seu uso pode chegar a resultar perigoso.

As pendentes ou inclinacións definidas na lexislación vixente non son aleatorias. Canto máis longa é a rampla, máis perigoso resultará contar cunha elevada pendente, véndose incrementada a velocidade da cadeira de rodas durante a baixada supoñendo un esforzo tanto para persoas usuarias de cadeira de rodas como para as que non. Por iso, é importante empregar protecciónes laterais e zócalos.

En ramplas con fortes pendentes pódense producir accidente tanto durante a subida como na baixada. Durante a baixada, se non se controla a velocidade, pódese chegar a tropezar con elementos vindeiros á rampla, situados fronte a ela ou na mesma varanda. Na subida, o risco atópase se a cadeira se empina ou se non se ten a forza suficiente para percorrer toda a súa lonxitude.

Ilustración 10: Esta rampla ten a lonxitude necesaria para subir a altura dos case catro banzos que ten San Pablo Extramuros en Roma.

- Escaleiras

As escaleiras, aínda que non son accesibles para todas as persoas, si que teñen que ter un mínimo de características para ser seguras.

Unha persoa que usa muletas ou que é usuaria de bastón branco, aquelas que teñen discapacidade visual suficiente para precisar dun bastón que evite tropezos, prefiren ás escaleiras á rampla cun 10% de pendente (malia que esta pendente non é excesiva, pode ser incómoda se é longa para determinadas persoas).

É importante que todas as escaleiras conten con pasamáns en toda a súa lonxitude porque se usa de apoio e de guía porque indica a lonxitude das escaleiras.

Tamén terá que ter peza na tabica. Isto quere dicir que, entre as superficies nas que pisamos, non pode haber un espazo baleiro en vertical. As persoas poden usar o método de deslizar o pé por ese elemento vertical, especialmente persoas de escasa ou avanzada idade, para poder subir cada banzo.



Ilustración 11: A tabica é o elemento vertical que se sinala na fotografía.

2.4.
Seguridade e emerxencia

Non hai que esquecer que o Código Técnico da Edificación incorpora medidas respecto á evacuación de ocupantes en situación de discapacidade. Por tanto, esta normativa é de obrigado cumprimento e deberanse incorporar as modificacións físicas necesarias para acadalo así como a elaboración dun protocolo de evacuación no caso de que no edificio existan persoas en situación de discapacidade.

Ás persoas encargadas da evacuación de cada andar ou sección deberán contar con formación no trato á evacuación de persoas con discapacidade.

9 Evacuación de personas con discapacidad en caso de incendio

1 En los edificios de *uso Residencial Vivienda* con *altura de evacuación* superior a 28 m, de *uso Residencial Público, Administrativo* o *Docente* con *altura de evacuación* superior a 14 m, de *uso Comercial* o Pública Concurrencia con *altura de evacuación* superior a 10 m o en plantas de *uso Aparcamiento* cuya superficie exceda de 1.500 m², toda planta que no sea *zona de ocupación nula* y que no disponga de alguna salida del edificio accesible dispondrá de posibilidad de paso a un *sector de incendio* alternativo mediante una *salida de planta* accesible o bien de una *zona de refugio* apta para el número de plazas que se indica a continuación:

- una para usuario de silla de ruedas por cada 100 ocupantes o fracción, conforme a SI3-2;
- excepto en *uso Residencial Vivienda*, una para persona con otro tipo de movilidad reducida por cada 33 ocupantes o fracción, conforme a SI3-2.

En terminales de transporte podrán utilizarse bases estadísticas propias para estimar el número de plazas reservadas a personas con discapacidad.

2 Toda planta que disponga de *zonas de refugio* o de una *salida de planta* accesible de paso a un sector alternativo contará con algún *itinerario accesible* entre todo *origen de evacuación* situado en una zona accesible y aquéllas.

3 Toda planta de salida del edificio dispondrá de algún *itinerario accesible* desde todo *origen de evacuación* situado en una zona accesible hasta alguna salida del edificio accesible.

4 En plantas de salida del edificio podrán habilitarse salidas de emergencia accesibles para personas con discapacidad diferentes de los accesos principales del edificio.

Ilustración 12: CTE DB SI

Débense ter en conta as normas e protocolos de accesibilidade para protexer a seguridade de todas as persoas en situacións de emerxencia, e especialmente a das persoas con discapacidade. Entre algunhas das medidas a considerar está pechar ou protexer o espazo de sombra baixo as escaleiras que se atopan nas vías de evacuación. Esta zona de sombra é o espazo baixo ás escaleiras cunha altura inferior a 2,10 m.

Así mesmo, en escaleiras, ramplas e cambios de nivel, é importante considerar a instalación de pavimento de alerta táctil (pavimento de textura tipo botón) e valorar a implantación dun sistema táctil no chan que permita o guiado en condicións de escuridade.

As saídas de emerxencia deberán ter unha anchura igual ou superior a 0,90 m, que se accionen facilmente mediante empuxe, claramente conectadas a un itinerario accesible tanto no interior como no exterior do edificio, con zonas de seguridade previamente definidas e claramente sinalizadas aos protocolos establecidos, tanto n o interior como no exterior.

Todas as vías de evacuación e zonas de seguridade deberán contemplar unha iluminación de emerxencia que permita unha percepción clara dos itinerarios, evitando xerar zonas de escuridade.

2.5.
Espazos con espectadoras/es accesibles

As zonas destinadas á realización de actividades que requiran a presenza de espectadores deberán contar, ademais dos correspondentes servizos e produtos de apoio segundo a súa propia normativa, cun local reservado para persoas que utilicen cadeiras de rodas ou que utilicen produtos para cadeiras de rodas, sen asento e debidamente sinalado, por cada corenta ou fracción. O mesmo para persoas con baixa audición.

Situaranse xunto ao itinerario peonil accesible e disporá doutros asentos onde se poidan situar as persoas que o precisen xunto coa persoa acompañante.

Neste sentido, non poderán situarse en espazos residuais, illados ou non destinados ao uso público en xeral.

O Pazo de Mariñán acolle de novo a Escola de Verán do Poder Xudicial, que analizará a relación entre América e España

05 de Xullo de 2022 Compartir

Formoso destaca a "intensa relación que une aos galegos e galegas con América" e valora a importancia do CXPX, "un dos órganos máis importantes para que a nosa democracia funcione correctamente"

A XXIV edición destas xornadas celebrarase entre o 5 e o 15 de xullo e haberá mesas redondas nas que participarán expertos en formación xudicial, directivos de empresas, maxistrados e catedráticos

Ilustración 13: A incorporación de axudas técnicas en eventos de carácter provincial, incluso internacional, melloraría eventos con mesas redondas onde poderían participar máis profesionais ou a propia cidadanía.

2.6.
Vestiarios accesibles

Os deportes, a aventura e a discapacidade non son incompatibles. Actualmente, con adaptacións nos materiais e co apoio de profesionais cualificados, as persoas con discapacidade poden practicar con seguridade todo tipo de deportes en pavillóns como son o atletismo, tenis, baloncesto, fútbol e tamén ao aire libre como o triatlón, o barranquismo, paracaidismo, sendeirismo, rafting ou espeleoloxía.

Este tipo de actividades supoñen un importante reto para as persoas con discapacidade, pero demostraron ser unha forma eficaz de manterse en forma e aumentar a autoestima.

Os espazos onde se realicen estas actividades deben contar cun vestiario accesible, un aseo accesible e unha ducha accesible por cada 10 unidades ou fracción. Por iso debes:

- Colocar barras perimetrais nas paredes das duchas a 0,90 m.
- Eliminar calquera paso nas vías interiores.
- Anchura de paso libre de polo menos 1,20 m en baños, duchas, vestiarios, etc. Esta dimensión é importante por se se dispón de cadeiras anfibias ou semellantes.

- Espazo de xiro de 1,50 m de diámetro libre de obstáculos. Deixar polo menos 0,80 m libre a cada lado xunto ao inodoro para facilitar o traslado lateral ao mesmo, e dispor de barras de apoio a 0,75 m. de altura e 0,35 m. do eixo do W.C. A porta de 0,80 m abrirase cara ao exterior. Contará cun peche ergonómico, que se poderá abrir dende o exterior en caso de accidente e alarma en caso de caída. A normativa esixe un espazo libre de obstáculos de 1,50 m. diámetro.

- Posibilidade de colocar un asento abatible na cabina de ducha, facilitando así a posibilidade de ducharse a persoa usuaria de cadeira de rodas sen danar a súa propia cadeira, complementado con barras de apoio segundo as características anteriores. Altura do asento 0,45 m – 0,43 m (posible cadeira de rodas de ducha de plástico autopropulsada).

- En determinadas circunstancias, debido ás reducidas dimensións do habitáculo, pódense instalar follas deslizantes ou que non chegan ao chan, evitando así o 'varrido' destas, xa que os repousapés da cadeira de rodas poden pasar por debaixo delas e manobra con certa facilidade en espazos reducidos.

3. A cadea de accesibilidade dixital

Un sitio web accesible é aquel que permite acceso efectivo a todos os seus contidos, a todas as persoas, independentemente da súa discapacidade (visual, auditiva, física, intelectual).

Este concepto, baseado no principio de accesibilidade universal fai, á súa vez, referencia a un deseño que permite a estas persoas percibir, comprender, navegar e interactuar coa web.



Ilustración 14: Captura da páxina web da Deputación onde, debido á disposición das imaxes é complicado a lectura do menú de inicio pola superposición de imaxe sobre texto, pouco contraste segundo a imaxe da secuencia e tamaño de letra pequeno para a localización de trámites.

3.1. Requisitos básicos para un sitio web accesible

Para realizar esta tarefa, recomendamos a aplicación directrices de accesibilidade para o contido web 2.0, co fin de proporcionar un estándar compartido para a accesibilidade do contido web que satisfaga o necesidades das persoas, organizacións e gobernos. Ademais, no caso de servizos públicos, é unha obriga.

Beneficios dun sitio web accesible

- Garante o dereito de acceso á información e comunicación de persoas en situacións de discapacidade.
- Mellora a usabilidade da web para todo tipo de persoas usuarias e amplía a audiencia que chega ao sitio web da organización.
- Facilita o acceso aos trámites en liña de maneira cómoda e segura para as persoas con discapacidade, que debe superar unha serie de barreiras físicas na súa contorna que dificultan o seu desprazamento.
- Facilita o acceso á web á persoas de avanzada idade.
- Contribúe a reducir a fenda dixital.

Pautas de accesibilidade para o contido web

